

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



MEHEDI HASAN / EFE

Celebraciones en el Shaheed Minar (monumento a los mártires) de Dacca con motivo del Día Internacional de la Lengua Materna el 21 de febrero del pasado año

Mañana celebramos el Día de la Lengua Materna

Todo tiene su historia y, a veces, un doloroso pero valiente origen

En 1948 el recientemente constituido Gobierno de Pakistán declaró que el urdú (lengua hablada en el país y en la India) era el único idioma nacional. Esto provocó protestas entre la mayoría de habla bengalí del este del país. El Gobierno prohibió las manifestaciones en contra, pero el 21 de febrero de 1952 cuatro estudiantes de la Universidad de Dacca (Rafiq, Salam, Jabbar y Barkat) murieron a manos de la policía. El Movimiento por la Lengua Bengali cobró entonces más fuerza y, finalmente, fue reconocida como lengua oficial. Desde entonces, el día se conmemora en todo el país con solemnidad. Y la muerte de estos estudiantes en la lucha por el derecho a usar su idioma es recordada ahora en el Día Internacional

de la Lengua Materna. El bengalí se convirtió en un idioma oficial en Pakistán el 29 de febrero de 1956 y tras la Guerra de Liberación de Bangladés de 1971, este estado se convirtió en un país independiente con el bengalí como idioma oficial.

El 17 de noviembre de 1999, la Unesco proclamó el 21 de febrero como el Día Internacional de la Lengua Materna, que se celebró por primera vez al año siguiente. Cada año, las celebraciones se concentran sobre un tema en particular que potencia la diversidad lingüística y cultural. La Unesco alienta a las personas a mantener el conocimiento de su lengua materna y a aprender y usar más de un idioma. Los Gobiernos y las organizaciones no gubernamentales suelen

aprovechar el día para anunciar políticas que fomenten el aprendizaje y el apoyo de las lenguas.

SHAHEED MINAR

En Bangladés, el 21 de febrero se celebra el aniversario de un día crucial en la historia del país. La gente pone flores en el Shaheed Minar, monumento a los mártires que dieron su vida por defender el derecho a su idioma: son cuatro marcos que representan a los mártires y un marco doble que simboliza a sus madres y a su país. Se han construido réplicas del Shaheed Minar en todo el mundo donde se han asentado bangladeses, particularmente en Londres y en Oldham, en el Reino Unido.

actividades

A1. La idea de celebrar el Día Internacional de la Lengua Materna fue una iniciativa de Bangladés aprobada en la Conferencia General de la Unesco de 1999. El 21 de febrero es el aniversario del día en que los líderes bangladéses luchan por el reconocimiento de su lengua.

A2. En esta dirección (<http://bit.ly/2SJY9GM>) puedes encontrar diversos símbolos gráficos, pósters y vídeos con mensajes breves que hablan de la importancia de la lengua materna en el desarrollo de los pueblos. Por ejemplo, para el presente año 2019 el tema lleva esta consigna: «Las lenguas indígenas son la clave para el desarrollo, la construcción de la paz y la reconciliación».

> 4-5

Para preparar la Semana de la Prensa en la Escuela



> 6

O entroido, unha festa de longa tradición en Galicia



> 7

O movemento do polo norte desconcerta os científicos



Visita la web de
PRENSA-ESCUELA
www.prensaescuela.es

Debate sobre a lingua materna

i O tema ten grande importancia en por si, especialmente nos países ou rexións nas que a comunicación entre profesores e alumnos ten unha dobre canle comunicativa: familiar e colexial. A este interese e importancia únese o feito de que as Nacións Unidas propuxeron que o 2019 sexa o Ano Internacional das Linguas Indíxenas, cuxo tema e programa presentamos na edición de La Voz de la

Escuela do pasado 9 de xaneiro. Un excelente tema para o diálogo e o debate, cuxos datos iniciais sobre a súa valente historia e desenvolvemento presentamos en primeira páxina. Animádevos a organizar un debate en clase? A continuación facilitámosvos datos, logros e dúbidas para empezar a dialogar. Palabra que si.

> Jesús Garrido



K. W. BARRETT

A Unesco traballa para preservar as diferenzas de culturas e idiomas, que fomentan a tolerancia

1. DATOS

i Algúns datos sobre o Día Internacional da Lingua Materna:

■ En todo o mundo, os idiomas máis falados por nativos e non nativos son: inglés, español e mandarín.

■ Os cinco idiomas do mundo máis difíciles de aprender para un falante de inglés son o árabe, o cantonés, o mandarín, o xaponés e o coreano.

■ No 2019, o número de idiomas falados coñecidos é de 7.097. Ao redor dun terzo están en perigo e teñen menos de mil falantes.

■ O tema do Día Internacional da Lingua Materna 2019 é: as linguas indíxenas son importantes para o desenvolvemento, a consolidación da paz e a reconciliación.

2. LOGROS

i Todas as nacións teñen algúns logros dos que poden sentirse orgullosos. «O noso día da lingua é o noso evento e logro nacional. Pero o motivo de orgullo para nós é que esta data cruzou a nosa fronteira nacional e tense universalizado». Así falan os que padeceron a loita polo seu idioma no chamado Día dos Mártires en Bangladesh.

■ «O Día Internacional da Lingua Materna é o recoñecemento do noso movemento lingüístico e os sacrificios heroicos dos mártires da lingua por parte da comunidade internacional. Agora, despois do recoñecemento, o

noso día do idioma obsérvase a nivel mundial como o Día Internacional da Lingua Materna».

■ É posible establecer algún contacto con escolas de Bangladesh? Por que non? A ver se apareces nestas páxinas calquera día. Ánimo!

3. DIVERSIDADE CULTURAL E LINGÜÍSTICA

i A Unesco cre na importancia da diversidade cultural e lingüística para as sociedades sostíbeis. No marco do seu mandato en prol da paz, traballa para preservar as diferenzas de culturas e idiomas que fomentan a tolerancia e o respecto aos demais. A diversidade lingüística atópase cada vez máis ameazada, cun maior número de linguas que desaparecen. Cada dúas semanas, como media, desaparece unha lingua, levando todo un patrimonio cultural e intelectual.

■ Como explicamos esa relación entre lingua materna e tolerancia e respecto dos demais?

4. EDUCACIÓN PLURLINGÜE

i Non obstante, grazas á comprensión da importancia que teñen as linguas maternas, alcanzáronse logros en materia de educación plurlingüe baseada nesta orixe materna, en particular desde os primeiros estudos e o compromiso cada vez maior de que evolucionen na esfera pública.

As sociedades multilingües e mul-

ticulturais existen a través das súas linguas, que transmiten os coñecementos e as culturas tradicionais de xeito sostíbeis.

5. A RIQUEZA DA LINGUA MATERNA

i O uso das linguas maternas no marco dun enfoque plurlingüe é un compoñente esencial da educación de calidade, que é a base para empoderar as mulleres e os homes e as súas sociedades. Debemos recoñecer e promover este potencial das linguas para non deixar a ninguén atrasado e construír un futuro máis xusto e sostíbeis para todos, como se recolle nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbeis (ODS).

Os idiomas, coa súa complexa imbricación na identidade, a comunicación, a integración social, a educación e o desenvolvemento, son factores de importancia estratéxica para as persoas e para todo o planeta.

■ Que slogan porías para defender ou debater no teu grupo?

6. PERIGO DE EXTINCIÓN

i Con todo, por mor dos procesos de globalización, pesa sobre as linguas unha ameaza cada vez maior de extinción. Algunhas xa están a desaparecer completamente. Coa morte dos idiomas mingua tamén a rica trama da diversidade cultural. Pérdense posibilidades, tradicións, recordos,

modalidades únicas de pensamento e expresión; recursos valiosos e necesarios para lograr un futuro mellor.

Polo menos o 43 % das 7.000 linguas que se estima que se falan no mundo están en perigo de extinción. Tan só uns poucos centenares de idiomas terán o privilexio de incorporarse aos sistemas educativos e ao dominio público, e menos dun centenar utilízanse no mundo dixital.

Como media, cada dúas semanas, unha lingua desaparece, levando consigo todo un patrimonio cultural e intelectual.

■ Estamos nesa estatística? Que che parece? Cal é o problema?

7. COMPROMISO INTERNACIONAL

i A diversidade cultural e o diálogo intercultural, o fomento da educación para todos e a creación das sociedades do coñecemento son factores fundamentais para a subsistencia das linguas. Pero eses labores non son posibles sen un amplo compromiso internacional orientado a promover o plurlingüismo e a diversidade idiomática, o que inclúe a preservación das linguas en perigo de desaparición. Desde o ano 2002, obsérvase o Día Internacional da Lingua Materna co obxectivo de promover o multilingüismo e a diversidade cultural.

■ Que suxerides no grupo, como mantela no colexio, na vida de todos os días?

Os nenos poden responder á separación dos pais illándose dos demais



Os medos ante unha separación

Posibles reaccións por tramos de idade e claves para axudar os fillos

Por moi ben que se fagan as cousas no proceso de separación, en ocasións os fillos mostran reaccións negativas que preocupan en gran medida aos seus pais. Por exemplo, estados de ánimo de apatía, tristeza, angustia ou medo; ou ben reaccións agresivas, violentas, de mal humor ou ira no ámbito familiar ou escolar. Con certa frecuencia responden illándose dos demais, con problemas de atención na aula, diminución do rendemento escolar ou incluso con manifestacións psicossomáticas (dores de barriga, de cabeza, tics...). Estes síntomas adoitan ser pasaxeiros e forman parte das fases de dó normais ante o *shock* que se produce ao asimilar a separación ou divorcio dos pais. En todo caso, o que é importante é atender afectiva e emocionalmente as inseguridades e medos que subxacen a esas reaccións. No seguinte cadro recóllense algunhas claves para axudar a superar o proceso por tramos de idade.

Recordemos: a separación por si mesma non ten por que supor un trauma para os fillos. Pero a actitude dos dous proxenitores (hostil e rancorosa ou, pola contra, cordial e colaboradora) vai ser determinante para que superen o proceso de xeito positivo.

COMO O VIVEN OS MENORES DE 3 ANOS?

- Os nenos tan pequenos non son capaces de comprender o que ocorre ao seu redor. Pero si perciben a tensión, a angustia ou a tristeza do proxenitor co que viven.
- Se o seu coidador principal está demasiado tenso, non lles ofrecerá a atención e o estímulo necesarios para o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- Tamén poden sentir a perda dunha das súas figuras de referencia: botan de menos a súa voz, as súas caricias, os seus xogos...

Como axudarlles?

- Os bebés necesitan a presenza activa de ambos os proxenitores para un desenvolvemento harmónico: pai e nai deben dedicarlles tempo e atención para que o apego a ambos se estableza de forma positiva.
- Cumprir o horario de rutinas regulares ofrécelles estabilidade e sensación de seguridade.

COMO O VIVEN DE 3 A 5 ANOS?

- Os nenos desta idade reaccionan con frecuencia con respostas psicossomáticas. É dicir, o seu corpo expresa un malestar profundo que non saben converter en palabras. Dores de barriga ou de cabeza, vómitos, pesadelos... poden ser algunhas das súas expresións.
- Como axudarlles?
 - Hai que explicarlles a situación dun xeito sinxelo, concreto e claro.
 - Deben saber que os seus pais continuarán ocupándose deles e os seguirán querendo.
 - Tamén, reiterarlles que eles non son responsables nin teñen nada que ver coa ruptura.
 - E mostrarlles o lugar onde vivirá o outro proxenitor (o seu propio cuarto, se é o caso) e informalos de cando van estar con el.

COMO O VIVEN DE 5 A 7 ANOS?

- A esta idade os nenos, máis conscientes do motivo da separación, poden sufrir conflitos de lealdades. Isto faíños reaccionar á defensiva, e negarse mesmo a manter a relación cun deles.
- Poden ter fantasías de reconciliación.
- Como axudarlles?
 - Hai que tomar un tempo para responder as súas preguntas acerca do por que e o como da separación.
 - Tamén multiplicar as mostras de afecto e atención.

- E recordarlles que os seus pais quérenos igual que antes.

COMO O VIVEN DE 8 A 12 ANOS?

- Nesta idade teñen un sentido máis estrito do ben e do mal, polo que é fácil que tomen partido por un ou outro, mostrando o seu enfado con quen crean culpable da separación.
- Algunhas posibles reaccións: empeoramento do comportamento, baixón no rendemento escolar, baixa autoestima, sentimentos de perda...
- Como axudarlles?
 - É necesario permitirlles ter frecuentes contactos co adulto con quen non convivan habitualmente.
 - Tamén axudarlles a manter hábitos de vida regular.
 - E animalos a expresar os seus sentimentos (medos, dúbidas...).
 - Hai que evitar culpar á ex-parella ou vitimarse.

COMO O VIVEN DE 13 A 18 ANOS?

- Ao sentimento de perda da infancia, propio da adolescencia, únese a inseguridade que provoca vivir a separación dos pais.
- Algunhas reaccións emocionais típicas: rebeldía, dificultade de concentración, desexo de estar máis tempo ou de ir vivir co proxenitor co que non conviven, chantaxes emocionais...
- Como axudarlles?
 - Xa son adolescentes, así que se pode falar abertamente da ruptura con eles.
 - Débese ter en conta a súa opinión nos temas que lles concirnan (visitas, vivenda habitual...).
 - Hai que escoitalos e saber estar dispoñibles para ofrecerlles apoio cando o necesiten.
 - Hai que evitar falar mal da ex-parella.

COMO O VIVEN DE 18 ANOS EN DIANTE?

- É típico pensar que os fillos maiores de idade non sofren a separación

ep ESCUELA DE PADRES

□ **TEMA DO MES:** Separacións e divorcios.

□ **ETAPA:** Todas as idades.

□ **A FRASE:** «O fracaso da parella conxugal non ten por que obstaculizar o triunfo da parella parental» (Poussin e Lamy, autores do libro «Custodia compartida»).

□ **ALGUNHAS CLAVES:** Os nenos deben manter os lazos con ambos os proxenitores e coas familias materna e paterna.

□ **COMPORTAMENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Situar os fillos nunha situación de conflito de lealdades entre papá e mamá.

□ **PARA SABER MÁIS:** «Cuando la familia cambia. Guía para ayudar a nuestros hijos a una adaptación positiva ante un proceso de separación o divorcio». Área de Familia e Infancia, Ayuntamiento de Burgos, 2013: <https://bit.ly/2SRG3ic>

dos seus pais. Pero esta suposición é equivocada, xa que as emocións de inseguridade, confusión ou anoxo ante a separación dos pais tamén se experimentan nestas idades.

Como axudarlles?

- Hai que evitar abusar do soporte emocional que poden ofrecer os fillos maiores de idade (converténdolos en pano de bágoas).
- Non se debe permitir que haxa unha inversión dos papeis, polo que os fillos se converten nos responsables de coidar a un pai incapaz de cumprir as súas funcións ou de actuar con madurez.

> Ana T. Jack
anatjack@edu.xunta.es

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

Reportajes exclusivos
Entrevistas
Informes nacionales e internacionales
Actualidad educativa
DOG, BOE y avisos

Todo está cambiando

Del 11 al 15 de marzo el periódico el protagonista en las escuelas gal

La primera vez que se celebró en Galicia, y en España, la Semana de la Prensa en la Escuela fue en abril de 1978. Desde entonces, año tras año, el calendario oficial del curso académico sigue reservándole un espacio en todas las escuelas.

1 ¿Qué sería un día sin noticias?
Esta es la pregunta que, simuladamente, se hicieron los locutores de la BBC de Londres, lo cual puede verse en un vídeo intencional, donde se quedan cortados, sin saber qué hacer ni encontrar respuesta a por qué ninguna noticia ni se asoma por la ventana. Abre este enlace: <http://www.youtube.com/watch?v=9wHFlxW606o>
¿Nos pasaría a nosotros lo mismo... o pasamos de ello?

2 Objetivos de la Semana
Pues ahí van algunos, aunque cada escuela puede marcar mejor qué hacer y qué intentar conseguir. ¿Puede una asignatura, no solo la BBC, estar un día, o al menos una semanita, sin noticias? ¿No se arrugarán las hojas del libro e irán cayendo lentamente porque se van quedando con poca savia, o sabiduría? En fin, vamos allá.

■ Que alumnos y profesores sean capaces de planificar juntos diversas actividades significativas y eficaces para desarrollar en el aula y en el colegio durante los días de la Semana.

■ Que sean capaces de diseñar una aplicación de esas actividades al desarrollo posterior del programa durante el curso.

■ Que conozcan los recursos ya existentes y que los pongan en práctica durante todo el curso para poder organizar mejor cada año esta Semana de la Prensa.

3 Recursos
Vamos, en primer lugar, con los recursos, que son los que a veces animan un poco más cuando se intenta hacer algo distinto a lo de todos los días.

■ **La Voz de Galicia.** El primer recurso es el periódico, o los periódicos, que de todo hay por casi todos los sitios. Hay que conseguirlos. Al menos, un periódico para cada grupo de 4 alumnos. Si no los tenemos, se perderá mucho tiempo y no se harán las cosas bien.

Naturalmente, el periódico debe ser fresco, del día, porque anima un poco más. Pero, en realidad, hemos visto escuelas a las que, para hacer estas actividades que proponemos, les valen también periódicos de ayer, con tal de que se consigan periódicos para grupos de 4 alumnos.

■ **La web de La Voz.** Ahí tienes, en su versión en línea, las noticias que cada día edita el periódico en papel y, además, con una facilidad grande para fotocopiar y desmenuzarla para el trabajo de cada grupo. Por tanto, no hay disculpa: www.lavozdegalicia.es

■ **La noticia del día.** Es la noticia que Prensa-Escuela publica de lunes a viernes y, además, te da una pista de cómo tratarla, aplicarla y estudiarla mejor en el aula: www.prensaescuela.es



Visita de alumnos del colegio San Francisco a las instalaciones de La Voz de Galicia en Arousa, el año pasado con motivo de la Semana de la Prensa en la Escuela

4 Actividades
Sugerimos un plan para los cinco días de la Semana de la Prensa en la Escuela, esperando que tu creatividad, la edad de tus compañeros, las posibilidades del aula con sus instalaciones digitales, etcétera lo puedan mejorar.

11, LUNES: Seleccionar una noticia

Teniendo en cuenta las edades, gustos, posibilidades de trabajo, etcétera, recuerda que puedes utilizar cada uno de los tres recursos señalados arriba: periódico de papel, noticia en digital, La noticia del día.

■ **Test de selección:** Una vez que cada subgrupo de 4 alumnos elija una o dos noticias posibles para trabajar en el aula, se pone en consideración de toda la clase. La noticia que se va a elegir debe tener estas tres íes: ser importante, ser

interesante y ser investigable (que se puedan fácilmente buscar más datos sobre ella). ¿Cuál fue la elegida con mayor puntuación?

12, MARTES: Publicar la noticia

Ya sabemos hacer murales con el texto de la noticia más votada: títulos, dibujos, etcétera.

■ **Test de exposición:** cada subgrupo explica a los demás su mural, sus gráficos, su título, el resumen de la noticia, las actividades que sugieren para todos, etcétera. ¿Cuál es el que más os ha gustado y por qué?

13, MIÉRCOLES: Discutir sobre una noticia

Hay que elegirla bien y vale cualquier noticia interesante de cualquier sección del periódico.

■ **Técnica:** Es necesario elegir el mo-

derador de la discusión y caben varias soluciones. Una noticia para toda la clase, una noticia uniendo dos grupos, etcétera. Tiempos que cada uno ha utilizado y valoración de la discusión por los demás grupos que asistieron al debate

14, JUEVES: Comunicar una noticia

Es un momento muy creativo. Se trata de que cada grupo elija una noticia interesante e investigable y... la comunique de una manera atractiva, utilizando la palabra, los gestos, quizá algún gráfico, una canción colectiva, un juego, etcétera. Pero todo de tal forma que interese mucho a los demás grupos y, tal vez, a grupos de otra clase, a los padres de alumnos... depende de las posibilidades. Pero que sea un momento de comunicación festivo, imitando un equipo de radio, de televisión, un grupo de astro-

será allegas

le 1989. Desde
las aulas



MARTINA MISER

utras que vienen a comunicarnos algo...

VIERNES: La noticia del día

La noticia del día, cada mañana vas a encontrar uno de los mejores estímulos para comenzar tu trabajo en la escuela. Desayunarse con la noticia» fue uno de los mejores elogios que recibimos de un querido profesor, que agradecía no solo tener abierta la pantalla cuando entraba a su clase, sino la facilidad con que los alumnos se interesaban por los enlaces electrónicos que facilitaban el estudio de un acontecimiento importante para comenzar. ¿Lo intentamos ya cada día? Quizá sea uno de los mejores recuerdos que nos puede dejar la Semana de la Prensa en la Escuela 2019. ¡Ánimo y buenos días! www.prensaescuela.es

esús Garrido

> MEJOR PERIODISTA INFANTIL Y JUVENIL DEL 2018-2019

El concurso ya está en marcha

El plazo para participar termina el 30 de abril, pero no es buen consejo esperar a última hora. Es mejor echarle un vistazo al periódico todos los días, o al menos, todas las semanas y si encontráis algo que de verdad os interese o que pueda servir de inspiración, adelante: ahí tenéis un buen tema que os servirá de ayuda para hacer vuestro trabajo. Y esto vale para todas las modalidades: es imprescindible para los alumnos de educación infantil, porque así lo exigen las bases del concurso, y es muy aconsejable para quienes tengan que realizar una entrevista o escribir un artículo de opinión, porque en La Voz de Galicia hay decenas de buenos ejemplos de estas modalidades periodísticas. Y la Semana de la Prensa en la Escuela, que está ahí a la vuelta de la esquina, es una ocasión magnífica para participar en el concurso.

■ **Educación infantil, 1.º y 2.º de primaria.** La colaboración del profesor o de los padres es imprescindible para que los más pequeños de la escuela realicen la tarea, un dibujo que ilustre una noticia publicada en la edición impresa o digital de La Voz de Galicia. En primer lugar, facilitándoles la elección de la noticia, mostrándoles las imágenes del periódico, si las hubiere, o dramatizando la lectura de los titulares. Y, sobre todo, facilitándoles la maqueta en la que deben realizar el trabajo e invitándolos a que se expresen con los materiales que tengan a mano.

■ **Alumnos de 3.º, 4.º, 5.º y 6.º de primaria y de educación especial.** La noticia que elijan deberá estar redactada como si se la estuvieran contando a un amigo, y no copiada textualmente del periódico. También se tendrá muy en cuenta la originalidad y calidad del dibujo. Por eso no es buena idea calcar dibujos o fotografías, es mucho



El uso del periódico en el aula facilita el desarrollo de actitudes y destrezas y la inserción en grupos y servicios sociales

mejor dar rienda suelta a la imaginación y darle la misma importancia al dibujo que a la redacción de la noticia.

■ Pautas para realizar una entrevista:

- Infórmate bien sobre la persona que vas a entrevistar. Que sea una persona adulta. Puede ser muy conocida o no, lo importante es que tenga cosas que decir y que sepa contarlas bien.
- Trabaja con especial cuidado el comienzo y el final. Y, en general, ten en cuenta que el jurado se va a fijar en estas tres cosas: el interés que pueda tener la entrevista para alumnos de tu edad, la calidad de la escritura y la presentación de la página.

■ Ideas para escribir un artículo de opinión:

- Elige con cuidado el tema sobre el que

vas a escribir. Es importante que te sientas seguro y cómodo con él. Documentate bien e infórmate todo lo que puedas para que no se te pase por alto ninguna idea o dato fundamental.

- Anota todas las ideas que te vayan surgiendo relacionadas con el tema principal del artículo. Todavía no debes preocuparte por el orden ni por el vínculo entre ellas.
- Selecciona la idea central de tu artículo. A partir de ahí, ya puedes plantear una estructura general del texto.
- Asegúrate de que ordenas la información con una introducción, un desarrollo y una conclusión.
- Busca un buen título, atractivo y breve.

■ Para todos

Consulta las bases del concurso en la web de Prensa-Escuela (www.prensaescuela.es)

> ENCUESTA

Objetivos pedagógicos del Programa Prensa-Escuela

Desde que empezamos a publicar La Voz de la Escuela en La Voz de Galicia (14 de abril de 1982) hemos ido señalando un montón de objetivos que, poco a poco, hemos ido reduciendo con el fin de destacar lo fundamental e ir retirando lo más accesorio. Esta es nuestra última selección. ¿Estás de acuerdo?

- ¿Estás de acuerdo con estos objetivos? Puntúa en el primer bloque de 0 a 4.
- ¿En qué medida se cumplen en tu aula? Puntúa en el segundo bloque de 0 a 4.

Que los alumnos:

1. Sean capaces de usar la prensa como un recurso didáctico que facilite el desarrollo de sus actitudes y destrezas personales, tales como la creatividad, la educación para el ocio, el estudio del medio y la inserción en grupos y servicios sociales, así como toda clase de opciones de las que el periódico se hace eco cada día en sus páginas [...]
2. Aprendan a leer la prensa, a expresar libremente su opinión, a debatir en grupo y a desarrollar su sentido crítico [...]
3. Tengan acceso al mundo de los medios de comunicación y conozcan su organización y desarrollo, así como su influencia en la sociedad [...]
4. Se impliquen, cuando sea posible, en la



MANUEL MARRAS

La rotativa de Sabón: aquí empieza el periódico a llegar a tu clase

solución de los problemas que el periódico publica a diario [...]

Que la escuela:

1. Tome conciencia de la importancia de la información en la educación de los alumnos como ciudadanos que forman parte de una sociedad plural y democrática [...]
2. Lleve a aula nuevos medios didácticos que la ayuden a desarrollar nuevas estrate-

gias educativas tales como la integración de las noticias como complemento y actualización del libro de texto [...]

3. Establezca la conexión histórica entre lo que sucede hoy (periódico), lo que sucedió ayer (libros de texto) y lo que tal vez suceda mañana con el fin de convertirse en un centro de reflexión donde se estudien las claves de ese proceso y se ofrezcan algunas pautas para modificar la realidad del futuro [...]



SANTI M. AMIL

O domingo fareleiro adiantou o entroido en Xinzo

Tempo de carnaval

O entroido é a festa máis popular de Galicia

O pasado 23 de xaneiro La Voz de Galicia informaba de que o entroido de Xinzo de Limia conseguira ser declarado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo festa de interese turístico internacional, distinción que só conseguiron en España os carnavales de Tenerife e de Cádiz. O entroido é a festa con raíces máis populares en Galicia, aquela en que máis participa a xente e a que maior caudal de tradicións implica. É esta unha parcela na que o campo gaña á cidade. A vistisidade, orixinalidade e creatividade do medio rural gana con moito ás celebracións máis esvaídas e constrinxidas das cidades. Os modelos rurais de celebración son variados. Todos parten dalgúns elementos básicos comúns, pero cada un posúe tradicións, repertorios de actuacións, traxes, más-

caras e disfraces que o identifican e singularizan.

Aínda que agora nos custe crelo, o entroido foi unha festa proscrita nos duros tempos da ditadura. Era considerado irreverente e pecaminoso e a súa celebración estaba relegada a descafeinados bailes de disfraces nos casinos e sociedades culturais da época. Nada de xolda popular nas rúas nin críticas punzantes aos poderes fácticos. Os gobernadores civís encargábanse de velar por que a súa parcela permanecese libre de tan execrables excesos. Deste xeito a represión conseguiu desterrar a súa celebración de case toda España, salvo en contados casos que proviñan de arraigadas tradicións. Galicia foi un destes casos nos que as brasas populares se conservaron ocultas baixo as cinzas da moralina da época e por iso,

cando chegaron tempos mellores, as celebracións do entroido rexurdiron con novos bríos e esplendor.

INTERESE TURÍSTICO

Ao longo e ancho de Galicia, cada vila ou cada aldea ten o seu entroido, pero hai, polo menos, nove que destacan porque foron sinalados pola Administración autonómica como festas de interese turístico: o entroido de Maceda, o folián tradicional de Manzaneda, o entroido de Vilarinho de Conso, o de Viana do Bolo, o dos Xenerais do Ulla, o de Cobres, o de Laza, o de Verín (ten o carácter de festa de interese turístico nacional) e o de Xinzo de Limia. Este ano tocoulle a este último a honra de ser elevado ao triunvirato dos mellores entroidos españois ao ser declarado festa de interese turístico

internacional, xunto cos carnavales de Tenerife e de Cádiz.

Son tres modelos moi diferentes. O de Tenerife pódese definir como o da opulencia do disfrace e está representado polo desfile da elección das raíñas do entroido cos seus impresionantes traxes. O de Cádiz, pola súa banda, especializouse no enxeño e a crítica social e desenvólvese ao redor das famosas chirigotas e as súas enxeñosas cancións. O de Xinzo, con todo, é o máis tradicional, o que afunde as súas raíces con maior forza no tempo en usos e costumes ancestrais, en personaxes e actuacións reiterados e repetidos, cuxo escenario é a rúa e os seus protagonistas son as xentes de toda a vila.

> Fernando Pariente

A celebración de Xinzo

O protagonismo central do entroido constitúeno as pantallas, mozos vestidos con roupa branca que ocultan o seu rostro tras máscaras pintadas de cores. Cinguen as súas cinturas amplas faixas cosidas de filas de campañiñas de distintos tamaños e levan capas vermellas flotando ao vento, adornadas tamén con cintas de variadas cores, e polainas negras sobre zapatos negros de coiro. Corren e saltan en grupo, axitando as campañiñas e golpeando aos homes que andan pola rúa sen disfrace con vexigas de porco secas inchadas de aire. Os transeúntes sorprendidos sen disfrace son levados polo aire polo grupo ata a taberna máis próxima onde deben invitar o grupo a unha rolda de viño.

A festa comeza todos os anos con anticipación. As tres fins de semana anteriores van preparando *in crescendo* o bulicio popular. O primeiro día festivo é o sábado de petardazo, seguido polo

domingo fareleiro, en que se celebra a festa da farelada. Mozos e mozas tíñanse fariña nunha loita sen cuartel. Este ano tivo lugar xa o pasado 10 de febreiro.

Na seguinte fin de semana celébrase o sábado o desfile e colgamento do meco e despois vén o domingo oleiro, tamén celebrado xa o 17 de febreiro, no que o protagonista é o xogo da onda. Un grupo de aproximadamente vinte xogadores lánzanse unha pota de barro cocido duns a outros a velocidade crecente ata que alguén falle na recollida e a pota caia ao chan e rompa con estrépito. O perdedor está obrigado a pagar unha rolda de viño. A terceira fin de semana será o próximo 23 e 24 de febreiro, co sábado de mulleres e o domingo do corredoiro. É o último domingo previo ao de entroido. É o día que as pantallas, que ata entón non puideron saír, apodóranse das rúas da vila cos seus bailes e os seus saltos, escoltadas polas



PILI PROL

Se non vas disfrazado, as pantallas de Xinzo levaranche polo aire ata a taberna

charangas de música.

O domingo de entroido, o luns e o martes o bulicio, a música e os bailes aprópanse das rúas nas que todo o pobo participa. A festa culmina o martes co gran desfile de carrozas, com-

parsas, bandas de música e charangas. O Mércores de Cinza celébrase o entroido da sardiña, con procesión, sermón e incineración. Pero a festa aínda se prolonga co domingo de piñata o día 10 de marzo.



actividades

A1. Para comprender os problemas que houbo nos vellos tempos da ditadura será moi proveitoso ler o delicioso artigo de Carlos Casares que conta as súas primeiras vivencias do entroido en Xinzo de Limia, patria da súa infancia. Atoparédolo na seguinte páxina web: goo.gl/iv7A4e

A2. Creade voso propio boletín de noticias do entroido recollendo a información na prensa e os medios de comunicación destes días. Buscade as noticias máis curiosas, as máis sorprendentes, as máis divertidas.

A Terra perde o norte

O impredecible desprazamento do polo magnético ten desconcertados os científicos

✚ Dicimos que alguén perde o norte cando se comporta dunha forma errática, desorientada, coma se perdesse o seu camiño na vida. É unha expresión que ten a súa orixe na navegación de altura, na que a estrela polar (o norte) era a mellor guía para orientarse na noite. O compás veu resolver o problema na navegación. Oriéntase cara ao polo norte magnético, que coincide aproximadamente co norte xeográfico, que é un punto fixo do globo terrestre.

Pero incluso con compás parece que seguimos perdendo o norte. Hai uns días *G-Ciencia* (<https://tinyurl.com/yxggz843>) facíase eco de varios artigos que refiren o desconcerto dos científicos polo rápido e impredecible desprazamento do polo norte magnético. Non é algo que vaia afectar demasiado á nosa vida diaria, pero na zona ártica ou na navegación de precisión esa deriva ten consecuencias difíciles de asumir.

Desde que en 1831 James Clark Ross localizou con precisión o polo norte magnético no ártico canadense, a súa posición desprázase entre 15 e 55 quilómetros anuais sen seguir un patrón coñecido. O British Geological Survey (BGS) e a National Oceanic and Atmospheric Administration (a axencia NOAA) están entre os organismos internacionais que manteñen un modelo matemático da evolución do campo magnético terrestre. O modelo axústase cada cinco anos e cada ano compróbase se segue sendo válido. A próxima revisión estaba prevista para o 2020, pero o ano pasado detectouse que o polo xa estaba demasiado lonxe do lugar previsto. Este mesmo ano o modelo vaise revisar, pero o peche da Administración dos Estados Unidos está atrasando o axuste.

A 3.000 KM BAIXO TERRA

A orixe do campo magnético terrestre está oculto baixo a cortiza terrestre, a uns 3.000 quilómetros de profundidade. Simplificando moito, o núcleo da terra está formado por dúas capas ricas en ferro, unha líquida e a outra sólida. O movemento relativo entre ambas e a propia rotación da Terra inducen un campo magnético que é o que notamos na superficie. Con todo, hai fenómenos como a deriva dos polos magnéticos que escapan a un modelo tan simple. É posible que teñan a súa orixe en chorros de metal fundido que alteran o movemento regular. No 2016 detectouse unha rápida anomalía magnética en Suráfrica que pode responder a unha destas correntes. Os científicos pensan que pode ter relación cos cambios agora detectados.

Máis sorprendente é mesmo que ao longo da historia producíronse varias inversións completas do campo terrestre. A última, hai uns 786.000 anos, foi moi rápida, en apenas 100 anos. Os cambios na configuración magnética da Terra quedan rexistrados na orientación das partículas férricas das coadas dos volcáns, xa que se alían co campo terrestre mentres arrefrían.

DESORIENTADOS

Desde 1831, o norte magnético desprazouse uns 1.000 quilómetros desde o norte de Canadá, cara a máis ao norte.



CHRIS SAMPSON


A bitácora dun barco está formada por un compás central e dúas pezas esféricas de metal que poden axustarse para compensar o efecto magnético da estrutura metálica do buque

Na nosa latitude isto implica unha variación de varios graos na determinación do norte cun compás magnético. Pola dirección do desprazamento, o efecto é menor para a poboación de América ou Asia. O GPS non usa o compás para situarnos no globo, pero necesítalo para determinar cara a onde miramos. Para un sistema automático de navegación, un erro de varios minutos pode ser catastrófico.

Hai outros seres vivos que usan o campo magnético. Moitos animais contan con células sensibles que lles axudan a orientarse nas súas migracións. Unha deriva progresiva dos polos magnéticos podería ser asumida, pero unha inversión rápida como a última rexistrada podería pór en perigo a supervivencia de moitas especies.

ESCUDO PROTECTOR

Talvez o maior beneficio que nos achega o noso campo magnético é a súa capacidade para desviar case todas as partículas cargadas que chegan desde o sol en forma de vento solar. Trátase de partículas moi enerxéticas, capaces de producir mutacións. As auroras boreais e austrais son un belísimo efecto secundario desta protección. Non está



claro como se comportará esa defensa durante unha inversión completa: debilitarase uns anos?, chegará a desaparecer?, podería deixar zonas moi habitadas sen protección?, que efectos terá sobre a vida no planeta?

Outra curiosidade do noso campo

actividades

A1. Facer un compás. Nunca é tarde para facer o noso primeiro compás. Na rede hai moitos vídeos e tutoriais, como este, que explican como facelo: <https://tinyurl.com/y3ek2j6y>


A2. Descubrir un círculo magnético. Talvez as principais dificultades co voso compás virán dadas pola debilidade do campo magnético terrestre. É importante magnetizar ben a agulla e buscar un soporte con moi pouco rozamento para ter éxito. Unha vez dominada a técnica, podedes probar a crear o voso propio campo magnético e medir os seus efectos nunha montaxe como esta: <https://tinyurl.com/magclic>

A3. Co móbil. Case todos os móbiles modernos inclúen un magnetómetro, que é o encargado de localizar o polo norte terrestre para orientarnos ao consultar un mapa ou seguir unha ruta. Algunhas «apps» de compás mostránnos o valor do campo magnético medido. A intensidade é baixa, ao redor dos 30 microteslas (μT), unha unidade de medida de campo magnético. Podedes comprobar que ese valor cambia moito ao achegar calquera obxecto metálico ao móbil. Se o obxecto é pequeno, pódevos axudar a descubrir a posición do magnetómetro na traseira do móbil, que é onde máis variará o campo medido. Que pasa se achegas metais que non son atraídos por un imán, como aluminio ou cobre? E se achegas un imán, podes facer que o valor medido diminúa ou sempre aumenta?

> Manuel Miramontes

manuel@casociencias.org

«Adoración del becerro de oro» (1626-1629). Andrea di Lione. Museo de Bellas Artes de San Francisco (EE.UU.)



actividades

1 ¿Existen ídolos para la juventud actual? Organiza un debate sobre el tema. Considera si son personas populares de deportes, del espectáculo o de cualquier otra actividad. También si convertimos en ídolos algunas ideas que veneramos en relación con la radicalidad política, el culto al cuerpo, un fundamentalismo religioso, etcétera.

2 El filósofo Francis Bacon (1561-1622) llamó ídolos a los obstáculos que podían impedir el avance de la ciencia. Distinguía entre ídolos de la tribu, ídolos de la caverna, ídolos del foro e ídolos del teatro. Indica ejemplos de cada una de estas categorías que creas que existen en el siglo XXI.

3 La expresión «ídolos de la caverna» hace referencia a la alegoría de la caverna, de Platón. Explica esta alegoría con un ejemplo.

4 Cuando nos referimos a un ídolo con pies de barro queremos decir que es vulnerable y que pronto será destruido. La expresión se basa en una historia bíblica narrada en el Libro de Daniel (2: 26-45). Lee el texto y haz un dibujo de cómo te imaginas el ídolo que allí se describe.



5 El próximo domingo se entregan los Óscar. Al margen de que el codiciado ídolo en realidad es de cuatro kilos y mide 34 cm de altura, calcula lo que pesaría siendo de oro macizo y sabiendo que su volumen es de unos 0,8 litros.

Sobre el oro de los ídolos

El becerro al que se refiere el libro del Éxodo (32: 3-4), aquel que adoraron los israelitas al pie del Sinaí, era de oro macizo y no de la purpurina que denuncia Flaubert en su atinada cita. Si aquel ídolo fuera del tamaño que imaginó Andrea di Lione en el lienzo que ilustra esta página pesaría algo así como dos toneladas, o sea que hoy equivaldría en el mercado a unos 72 millones de euros. Queda claro por tanto que el traspaso de algunos futbolistas daría para uno bastante más grande; es ello razón abundante para comprender que también se los califique de ídolos. Dicho lo cual, conste que el auténtico becerro de oro no era ningún futbolista, ni exbanquero, ni cantante, ni ninguna otra humana categoría.

Pero hoy tenemos ídolos vivientes de todas esas especies, y sabemos que muchos se hicieron de oro. Algunos continúan siendo venerados incluso después de muertos, y a veces sus fieles se plantean el dilema de mantenerlos o no en esa condición, tras conocer que la vida privada de aquella persona admirada dejó mucho que desear. Abun-

dan los ejemplos que pueden ofrecerse al respecto en las artes, las ciencias y las letras, pues parece que el hecho de destacar en una faceta de la vida, o de la cultura, es absolutamente independiente de poseer valores morales. Otras veces vemos a los ídolos aclamados en pasarelas de todo tipo, a pesar de que sabemos que todo el oro que recibieron no contribuyó como era obligado a la hacienda común, que sirve para que vivamos juntos. Quizás hay quien piensa que los ídolos no han de pagar impuestos, porque eso es simplemente cosa de humanos, que son quienes se preocupan del vil metal.

En su jugosa y discutida *Historia general de las Indias*, Francisco López de Gómara nos explica —probablemente porque se lo dijo Hernán Cortés, porque él nunca cruzó el Atlántico— que los aztecas «llevan sus ídolos a la guerra por devoción o esfuerzo; cuando se los tomaban los españoles, pensaban que lo hacían de devotos, y era por ser de

Lo más sabio es no caer en ningún tipo de idolatría

oro y por quebrarlos; de que mucho se entristecían». Me parece normal que los indígenas quedasen desengañados al ver romper sus imágenes, pero está claro que entonces lo único que sucedía era lo de siempre, que se cambiaba un ídolo por otro, y para los conquistadores el ídolo era el oro en sí, no la figura que representaba.

En esa línea, es curioso que cuando Juan Valera explica en su novela que Juanita la Larga era para Antofuero un ídolo y un oráculo, escribe: «Todos o casi todos los hombres tienen sed, tienen necesidad de venerar y de adorar algo. El espiritual, el sabio, el discreto comprende con facilidad y adora a una entidad metafísica: a Dios, a la virtud o a la ciencia. Pero el rudo, que apenas sabe confusamente lo que es ciencia, lo que es virtud y lo que es Dios, consagra sin reflexionar ese afecto, en él casi instintivo, a un ídolo visible, corpóreo, de bulto.» Bueno. Creo que no todo el mundo apreciará esa diferencia. ¿Será verdad que no podemos vivir sin ídolos? Quizás tenga razón Umberto Eco, y lo más sabio sea no caer en ningún tipo de idolatría.

> Moncho Núñez Centella

Ipse dixit

No se puede tocar a los ídolos: su dorado se queda en las manos
Gustave Flaubert (1821-1880)

Sabiduría no es destruir ídolos, sino no crearlos nunca
Umberto Eco (1932-2016)

Jamás se abate un ídolo sino en beneficio de otro
Alphonse Karr (1808-1890)

El ídolo de hoy arrinconará al héroe de ayer, y a la vez lo reemplaza por el héroe del mañana
Washington Irving (1783-1859)

La religión es el ídolo de la muchedumbre: esta adora todo aquello que no comprende
Federico II de Prusia (1712-1786)

Los ídolos infunden respeto,

admiración, cariño y, por supuesto, grandes envidias
Gabriel García Márquez (1927-2014)

Que les había dicho su ídolo, en quien ellos tenían mucha devoción, que vendrían hombres de las partes de hacia donde sale el sol y de lejanas tierras a les sojuzgar y señorear
Bernal Díaz del Castillo (1495-1584)